

7 . MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

Obxectivos mínimos 1º eso

- Coñecer os principais textos da mensaxe cristiá, descubriendo o significado das expresións e vocabulario.
- Identificar os rasgos esenciais do contexto sociopolítico e histórico no que naceu Xesús
- Coñecer a interpretación da Biblia.
- Saber utilizar correctamente a Biblia para localizar as citas e coñecer a interpretación da Biblia.
- Identificar os rasgos da persoa de Xesús, e as características da súa mensaxe.

Obxectivos mínimos 2º eso.

- Saber utiliza-la Biblia e coñecer a súa interpretación
- Identificar e distingue o valor expresivo dos sacramentos.
- Coñecer o ano litúrxico: características, estrutura o seu significado...
- Recoñecer as manifestacións relixiosas que se dan na nosa sociedade e no entorno.
- Distinguir as partes dun templo e todo-los elementos que nel se atopan.
- Identifica ros valores evanxélicos, a partir da vida e mensaxe de Xesús.

Obxectivos mínimos 3º eso.

- Coñecer os principais elementos que caracterizan á relixión.
- Identificar as principais relixións que existen no mundo.
- Descubrir a riqueza humana e cultural que supón a variedade de relixións e valorar a aportación das mesmas á cultura.
- Localizar e interpreta textos da relixión católica.
- Identificar os rasgos fundamentais da persoa e mensaxe de Xesús.

Obxectivos mínimos 4º eso.

- Coñecer e valorar as principais manifestacións relixiosas cristiáns.
- Analizar que é o que diferencia á relixión de outras manifestacións humanas.
- Coñecer os valores fundamentais da moral cristian.
- Sintetizar a mensaxe evanxélica mediante a análise de parábolas e discursos de Xesús.
- Identificar os rasgos que caracterizan o arte e a cultura da nosa sociedade co fin de establecer un diálogo constructivo entre fe cristian e a cultura actual.

Competencias a adquirir na ESO:

- Definir o contido das principais creencias e a súa relación co mundo, a vida e a humanidade; organizalas, fundamentalas e diferencialas con claridade das creencias propias de outras opcións relixiosas.
- Descubrir, a través do roupaxe literario e os condicionamentos históricos e culturais dos escritos, a experiencia orixinal do sagrado descrita en eles.

- Interpretar os significantes litúrxicos e no seu caso, expresar as experiencias e sentimentos relixiosos propios a través dos mesmos, individual ou colectivamente.
- Recoñecer a identidade das representacións feitas por as imaxes e os símbolos, aplicando os códigos representativos correspondentes e no seu caso, utilízalos no momento e co sentido adecuados.
- Formular xuízos sobre a bondade ou malicia da conduta e as súas consecuencias, aplicando as normas ou pautas de conduta establecidos pola relixión e xustificando a súa coherencia co sentido da vida aportado polas creencias.
- Identificar a visión do mundo, as creencias e a experiencia relixiosa e estética expresadas polas manifestacións do relixioso que forman parte do patrimonio cultural.

Recoñecer os elementos de orixe relixioso existentes en algúns usos e costumes sociais, identificando o sentido que tales usos tiveron na súa orixe e avaliando a súa vixencia actual.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN:

60%: TRABALLOS E PEQUENAS PROBAS DE CONTIDOS

20%: ACTITUDE CARA Á MATERIA

20%: CADERNO

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía deberá ser, activa con aprendizaxes significativos e na que os alumnos sexan os protagonistas das súas aprendizaxes., coa organización do traballo de diferentes xeitos:traballo individual, en pequeno e gran grupo. Prestarase especial coidado á adquisición e desenrolo das *competencias básicas*.

A lectura como elemento metodolóxico , constituirá un factor primordial para a adquisición das competencias, por iso se empregará habitualmente.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregarase diferentes materiais (Biblia, textos do Maxisterio da Igrexa, fichas de ampliación e reforzo tomadas de diferentes libros para motivar na clase de Relixión, periódicos, textos referentes a os valores da persoa, mapas da Terra Santa, películas bíblicas, cine actual no que se reflectan os valores cristiás, música, etc)

Todo o alumnado elaborará un caderno de traballo

En 1º da eso seguirase ademais o libro de texto de SM

Dentro das posibilidades do Centro fomentarse o uso das novas tecnoloxías.

9. Atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade, que se levarán a cabo dende a materia de relixión,estarán orientadas a resposta ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das *competencias básicas* e os obxectivos de cada unidade e os xerais.

A variedade de alumnos, de centros e de ambientes culturais requerería a elaboración duns materiais específicos para cada caso, e máis no área de Relixión.

Nas unidades didácticas inclúense contidos para aqueles alumnos que poden ampliar o desenvolvemento das súas capacidades. Tamén se ten en conta aos alumnos que teñen dificultades para realizar todo o desenvolvemento do proceso. Pensando nestes alumnos ofrécense sínteses moi breves e actividades sinxelas que facilitan o axeitado desenvolvemento. Tamén se terá en conta aos alumnos de incorporación tardía no sistema educativo.

Estableceranse as medidas oportunas que estarán recollidas no PEC de conformidade co que se establece no artigo 121.2 da LOE.

10. PROGRAMAS DE REFORZO

Para aqueles alumnos que se atopen coa materia pendente do curso anterior, recibirá ó longo do curso unha serie de actividades que ben lle poden servir, se están ben e mostran interese por superar a materia para aprobar, ou poderán axudarlle para a realización de unha proba por trimestres e outra en xuño setembro.

11.O PROXECTO LECTOR

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica 2/2006 de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír no seu PE proxectos lectores destinados ao fomento da lectura e da escritura é a adquisición das competencias básicas.

Debe incluír uns principios e uns criterios de actuación didáctica que sirvan de referencia para a elaboración e posta en práctica das programacións de aula.

Entendendo que o Proxecto se concibe como un instrumento aberto en constante proceso de reelaloración, as propostas que quedan reflexadas nesta programación poderán sufrir cambios.

Dende o departamento de Relixión enténdese o “Proxecto lector” como un plan de intervención educativa integrado no PE que implica a todos os profesores e areas. Entendendo que isto é así, dende o departamento estarase pendente de todos aqueles acordos aos que se chege no Centro sobre o Proxecto lector para participar neles na medida na que a distribución de horas o permita.

Análise do contexto:

Principais dificultades que se detectan nos alumnos:

- Falta de comprensión debido ,entre outros motivos , ao escaso vocabulario que manexa unha gran parte deles.
- Dificultades para seleccionar a información relevante para elaborar esquemas ou resumos.
- Problemas para elaborar textos e traballos integrando diversas informacións.
- Falta de hábito lector, tanto por non ser unha actividade cotián nas familias como por adicar a maior parte do tempo a outro tipo de actividades, fundamentalmente videoxogos, chat, televisión, deportes...

Que se fai nas clases de Relixión:.

- Tráballase a comprensión lectora moi a miúdo pero fundamentalmente con textos narrativos do libro de texto ou de outros materiais facilitados pola profesora.
- Fánse lecturas en grupo en voz alta e menos en voz baixa e de xeito individual.
- Avaliáase a entrega da libreta da asignatura na que deberán coidar: a presentación, a constancia no traballo (xa que debe estar completa) e non cometer faltas de ortografía.
- Dentro do que é a participación na clase valórase e invítase os alumnos a que coiden a expresión e a que fagan un uso correcto da linguaxe.
- Os alumnos de 4º eso e 1º bach. expoñen traballos realizados en pequeno grupo.
- Empréganse técnicas de estudo para a realización de algunhas actividades.
- Tráballase a fondo a comprensión dos enunciados dos exercicios, e de un xeito especial cos alumnos que presentan NEE.
- Celebración de actos conmemorativos, como por exemplo o día adicado ós Dereitos humanos.

Principios de actuación propostos dende o dep.de Relixión:

- PARTICIPAR E COLABORAR NA “HORA DE LER”.
- O plan Lector pretende a mellora do hábito lector e da comprensión lectora.
- Por iso é unha excelente oportunidade de integrar a biblioteca no currículo.
- Entender o plan de uso da biblioteca como recurso de apoio ó Proxecto Lector.
- Establecer tarefas globales e interdisciplinares de promoción da lectura e escritura e coordinación co plan da Biblioteca e as TIC.
- O PL non só se centrará en libros, se non tamén en outros formatos e soportes: revistas, xornais, CD, DVD, ...

Proposta de obxectivos:

- Entender a biblioteca como centro de recursos no instituto.
- Afianzar a práctica lectora.
- Adquirir hábito lector e formar lectores literarios.
- Ser lectores eficaces e adquirir gusto pola lectura.
- Que o alumno sexa capaz de:
 - Empregar diferentes modos de lectura (silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta)
 - Ler en diferentes soportes (xornal, enciclopedias, pantalla de ordenador, mapas, películas, etc)
 - Apropriarse de diversos espazos de lectura: a aula, a biblioteca, o punto de lectura...)

Medidas concretas a ter en conta :

- Estimular o emprego da biblioteca ante algunha necesidade informativa, relación coa materia ou algunha outra.
- Presentar o resultado dun traballo en soportes diversos..
 - Bitácoras
 - Mapas
 - Artigos de prensa.
 - Presentacións.
 - Transparencias.
 - Fomentar a aportación de noticias de prensa ou de revistas por parte dos alumnos.

Empregar, en algún momento, a prensa na aula como fonte de noticias interesantes e actuais.

Contaxiar a paixón pola lectura, como fonte de lecer, de información e coñecemento.

Propor na aula actividades para que necesariamente teñan que buscar información e polo tanto ler cun obxectivo.

Recomendar libros dende a aula para que o alumno os descubra e os lea.

Solicitar que os alumnos recomenden libros, música, películas, webs, ...

Reservar un intre cada día, nas aulas para ler (sen pedir nada a cambio): Pennac: "Como una novela". Anagrama. 1993.

Invitar ao alumno a esforzarse en deducir o significado dunha palabra polo seu contexto ou a partir da súa etimoloxía (co uso do diccionario).

Para mellorar a comprensión lectora ó longo das unidades didácticas deberase:

- Ler detidamente o texto
- Facer preguntas dirixidas cara a comprensión do texto.
- Analizar o vocabulario.
- Activar as ideas previas.
- Relacionar o texto con outras experiencias.
- Extraer a idea principal.
- Propor outros títulos.
- Facer debuxos que resuman o texto.
- Reler en silencio.

AVALIACION.

A incidencia do PL na mellora das competencias comunicativas será avaliada dende a materia en concreto e será posta en común nas avaliacións xunto coas demais areas.

12. PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Farase uso das TIC como un recurso motivador no proceso ensino-aprendizaxe que promove o intercambio de ideas . O alumnado buscará, obterá e comunicará a información pertinente e a transformará en coñecemento.

Utilizaráanse tódolos medios disponibles no centro.

Se traballará con recursos multimedia que permiten facer presentacións audiovisuais para determinados temas (utilización do ordenador e o canón da aula, proxector de transparencias...)

O Departamento conta cun conxunto de vídeos, imaxes, textos , que poden proxectarse ao longo da explicación na clase ilustrando así as exposicións do alumnado e do profesor.

Empregaráse o cine como recurso educativo fomentando o sentido crítico e creando o hábito de reflexión, profundización e razonamento dos valores que nos transmiten

13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Daráselle especial importancia á participación dos alumnos nas actividades tanto complementarias como extraescolares, polo que o profesor motivará ó alumno para que esta participación sexa efectiva.

Actividades complementarias

Visita dun misioneiro ó Centro para explicar cal é o seu traballo, esta actividade depende da dispoñibilidade da Delegación de Misións de Vigo.(Terá lugar no mes de outubro)

Participación con exposición, carteis , etc, no Día da Declaración dos Dereitos das Persoas 10 de decembro. Faranno os alumnos de 1º e 2º da ESO pero pasarán todos os grupos pola exposición co fin de dar a coñecer o contido dos artigos da declaración e así reflexionar sobre eles.

Con motivo do Nadal pódese facer unha pequena decoración no Instituto.

Participación dos alumnos na realización de carteis en xaneiro co galo do día da paz (30 de xaneiro) que serán expostos no centro

Actividades extraescolares:

- Para 1º.e 2º ESO..... Saída Didáctica a Ourense e Poio coa isla da Toxa respectivamente , todo o día en autobús (custo aprox. 12€). Os alumnos previo

traballo na clase, realizarán unha actividade avaliable en torno a catedral e o Mosteiro de Poio. No primeiro trimestre farase unha visita a San Campio de Lonxe

- Para 2º eso..... Saída durante 3 horas a Panxón-Baiona visitando a obra de Antonio Palacios: Virxe da Rocha e Templo de San Xoán. Poderá participar ó alumnado de 1º ESO

- Para 3º ESO..... Saída a Toledo-Madrid (tres días visitando a catedral, a sinagoga de Samuel Leví, museo do Greco e o da Sta Cruz, parque de atraccións de Madrid) Poderá ser substituída por unha visita a cidade de Salamanca
- Para 4º ESO... e 1º Bac: Saída a Vigo para visitar “Misioneros de los enfermos pobres”(custo aproximado 6 €) e unha a escoller entre as seguintes:

Salamanca ou Madrid-Toledo sen determinar.

- O longo do curso poderán xurdir novas actividades.

As actividades se realizarán cos alumnos do IES Terra de Turonio

GONDOMAR A 19, SETEMBRO 2013

XEFA DE DEPARTAMENTO

LUCINDA CERNADAS VAZQUEZ